



# Detección e control do Mosquito tigre

## Quen é?

Un pequeno insecto da especie *Aedes albopictus* orixinario do sueste de Asia e que aumentou progresivamente a súa expansión nas últimas décadas.

En España detectouse por primeira vez en Cataluña, no 2004, e en Galicia, en Moaña, no 2023.

## Como se dispersa?

Ten un radio de acción de 500 metros e precisa pequenas masas de auga estancada que duren alomenos 10 días, xeralmente no exterior, para poder reproducirse en recipientes, xeralmente escuros, piscinas portátiles, cubos, bebedoiros de animais, xoguetes, pratos de macetas, desaugadoiros ou calquera obxecto que acumule auga.

Pode completar o seu ciclo vital nunha semana e a fase larval dura apenas 2-3 días.

## É perigoso?

Precisa alimentarse de sangue para poder producir os ovos, sendo a femia a única que pica.

Cada posta está entornada aos 80 ovos, que os deposita en diferentes lugares. Poden repetilas cada 3 días.

O importante desta especie é a súa capacidade para transmitir enfermidades como o Zika, Dengue ou Chikungunya. Pero para facelo ten que picar primeiro a unha persoa enferma e logo a outra sa. Na nosa rexión non están presentes estas enfermidades.

## Como o diferenzamos doutros mosquitos?

A súa coloración é negra con franxas brancas transversais. Sendo tamén un pouco máis pequeno que o mosquito común.

É máis activo durante o día, a diferenza doutros mosquitos.

Pode realizar varias picaduras seguidas.

## E se me pica?

A picadura pode ser dolorosa e producir reaccións alérxicas, mesmo podería atravesar a roupa.

Debemos lavala con xabón ou desinfectante e logo aplicar algunha solución formulada con amoníaco.

Só se temos unha reacción adversa deberemos acudir a un Centro de Saúde.

## Porque é importante a colaboración da cidadanía?

Para coñecer como é a súa incidencia e onde está presente dentro do municipio.

Para establecer medidas eficaces de control.

Para implementar as medidas que axuden a diminuír a súa capacidade reprodutiva.

Podes colaborar na súa detección mediante App mosquito alert, subindo fotos que serán verificadas por expertos e referenciadas nun mapa.

